



Concello
de Oleiros

Servizos Sociais e Igualdade

Estimadas familias.

Desexando que todos e todas esteades ben, pñoñome en contacto con vos para informarvos que para o vindeiro curso 2020/2021, o departamento de Servizos Sociais e Igualdade valorou a necesidade de seguir a cubrir as dificultades económicas que presenta o inicio dun novo curso escolar: merca de libros, material escolar, roupa, soportes informáticos,

É por iso que, logo dunha valoración, para o curso 2020/2021 o que ata o de agora eran as prestacións de apoio á escolarización (suxeitas a un procedemento administrativo sometido a prazos e non personalizado) pasan a ser cubertas a través de axudas de Emerxencia Social, de tramitación máis áxil.

Con este cambio preténdese axudar a aquelas familias máis vulnerables, atendendo de forma individualizada cada situación familiar. A dita situación vai ser valorada segundo as circunstancias existentes no momento no que se presente a solicitude e se terán en conta criterios de carácter económico, social e familiar.

Asemade e dada a gran incerteza existente sobre como se vai desenvolver o vindeiro curso escolar, **estas axudas de emerxencia social poderán ser presentadas en calquera momento do curso escolar**, unha vez que as familias teñades detectadas as verdadeiras necesidades coas que vos ides atopar para facer fronte á escolarización dos vosos fillos e fillas.

Independentemente desta posibilidade, desde o departamento de servizos sociais **recoméndase que no mes de setembro, unha vez que as familias teñades identificadas as ditas necesidades**, fagades a solicitude, todo elo para garantir unha incorporación escolar do alumnado o máis normalizada e óptima posible. Sempre que sexa posible, **a solicitude debe vir acompañada dun orzamento** do gasto a realizar, para poder valorar de forma personalizada cada caso. Presentarase un orzamento por cada alumno

En termos xerais, o alumnado susceptible destas axudas debe estar matriculado nun centro público ou concertado do concello de Oleiros e cursar algún dos seguintes niveis educativos: segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e Bacharelato ou equivalente

Desde o punto de vista económico, a suma de todos os ingresos da unidade familiar, unha vez descontado ata un máximo de 400,00€ en concepto de gastos de aluguer ou hipoteca, non pode ser superior á recollida na seguinte táboa:

NÚM. PERSOAS	LÍMITE DE INGRESOS
1	504,23€
2	598,35€
3	679,02€
4	746,25€
5	813,47€
6	880,70€
7	947,92€



Concello
de Oleiros

Servizos Sociais e Igualdade

A título orientativo, o importe das axudas será, por cada alumna ou alumno, o seguinte:

- Segundo ciclo de educación infantil: 70€
- Ensino primario: 80€
- Ensino secundario: 90 €
- Bacharelato ou equivalente: 110€

Ante calquera dúbida, podedes poñervos en contacto co Departamento de Servizos Sociais e Igualdade. O teléfono de contacto é 981 61 00 00, extensións 3118, 3112, 3503

Oleiros, 1 de SETEMBRO de 2020

Aurora Belén Taboada Casal